SAFe Lean Portfolio Management (LPM)

Descrición

Neste curso, obterás as ferramentas prácticas e as técnicas necesarias para implementar as seguintes funcións da Xestión Lean do Portafolio: a estratexia e financiamento de investimentos, as operacións de portafolio áxil e a gobernanza Lean.

Terás a oportunidade de captar os estados presente e futuro do portafolio coa ferramenta canvas do portafolio e de identificar as iniciativas de negocio que son importantes para alcanzar o estado futuro. Poderás establecer o Fluxo do Portafolio co Kanban do portafolio e priorizar iniciativas para lograr o máximo beneficio económico. O curso tamén achega coñecementos para elaborar orzamentos de cadeas de valor, establecer Límites de Orzamento Lean e medir o desempeño do portafolio Lean.

Obxectivos

- Describir a importancia da Xestión Lean do Portafolio (LPM)
- Vincular o portafolio coa estratexia da Empresa
- Implementar Límites de Orzamento e orzamentación Lean
- Establecer o Fluxo do Portafolio co Kanban do portafolio
- Dar soporte á excelencia operacional coa APMO e as CoP
- Coordinar as cadeas de valor
- Medir o desempeño de LPM
- Elaborar un plan para a
- Implementación de LPM

Dirixido a

Este curso está deseñado para os líderes e as persoas influentes responsables da función de Xestión Lean do Portafolio. Algúns exemplos inclúen:

- Líderes e executivos/as (CIO, CEO, CFO,
- CTO, VP)
- Enterprise Architects
- Product Managers e Solution Managers
- Managers de unidades de negocio
- Persoal de oficina do programa
- SPC e coaches áxiles empresariais
- Recursos humanos
- RTE
- Epic Owners

BENEFICIOS Diploma de asistencia

Opción gratuita dun exame de certificación oficial

Perfil do docente

- Senior Certified Scaled Agile - SAFe Practice Consultant v6
- SAFe Premier Trainer (Leading SAFe, SAFe Scrum Master, SAFe Product Owner/ Product Manager, Lean Portfolio Management, Release Train Engineer etc.)/ etc.), consultoría, presentacións, talleres e outras capacitacións Lean/Agile
- Agile Coach con ampla experiencia profesional en transformacións áxiles de grandes organizacións, PEME´s e administracións públicas
- Especializada/o en transformacións Lean/Agile para as compañías baseada en SAFe, con experiencia en grandes e medianas empresas, incluíndo coordinación da planificación como RTE (BigRoom/PI Planning) e xestión de Portfolio Agile
- Autor do primeiro libro en español sobre SAFe

PROGRAMA Programación 2026/27

TIPO CURSO

MATRÍCULA Gratuíta

PERIODO INSCRICIÓN 01/04/2027 - 15/04/2027

PROBA DE SELECCIÓN 16/04/2027 (00:00)

CRITERIOS DE SELECCIÓN	Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela
Nº PRAZAS	16 (Mínimo 10)
METODOLOXÍA	Presencial
TIPO DE EDICIÓN	Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)
DURACIÓN	16 horas
DATA INICIO	24/05/2027
DATA FIN	27/05/2027
HORARIO	De luns a xoves de 16:30 a 20:30 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	SAFe Lean Portfolio Management (LPM) de Scaled Agile
MÓDULOS TRANSVERSAIS	Igualdade de 5 horas
TECNOLOXÍA	SAFe
PERIODO DOCENCIA	24/05/2027 - 27/05/2027

Temario

Lección 1: Introdución á Xestión Lean do Portafolio

- Por que elixir LPM?

- A Mentalidade Lean-Agile e os principios de SAFe
- Problema da contabilidade baseada en proxectos
- Beneficios da organización en torno ao valor
- Estrutura do portafolio SAFe
- Transición a LPM

Lección 2: Establecer a estratexia e a Visión do Portafolio

- Vincular o portafolio coa estratexia da Empresa
- Manter a Visión do Portafolio
- Desenvolver o Roadmap do portafolio

Lección 3: Materializar a Visión do Portafolio mediante Épicas

- Definir as Épicas do portafolio
- Estimar os custos das Épicas
- Ciclo de Lean Startup de SAFe

Lección 4: Establecer o financiamento de investimentos

- Límites de Orzamento Lean
- Descrición xeral dos eventos de LPM
- Revisión estratéxica do portafolio e Portfolio Sync
- Orzamentación Participativa

Lección 5: Xestionar o Fluxo do Portafolio

- Describir o valor do Fluxo do Portafolio
- Establecer o fluxo co Kanban do portafolio
- Secuenciar as Épicas para a implementación coa técnica WSJF

Lección 6: Aplicar as operacións de portafolio áxil

- Coordinación de Cadeas de Valor
- Soporte da execución dos ART e a excelencia operacional

Lección 7: Aplicar a gobernanza Lean

- Medir o desempeño de LPM
- Coordinar a Conformidade
- Technology Business Management con SAFe
- Capitalización áxil de software
- Taller Primeiros pasos coa Xestión Lean do Portafolio
- Más recursos de LPM